



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. R/S/C83-14

ANUNCIO

Asto.: Adxudicación do contrato do subministro para equipamento da PRAZA DE ABASTOS, con cargo á subvención da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013

Por acordo da Xunta de goberno local adoptado na sesión ordinaria celebrada o pasado 21.11.2014, acordouse, entre outros, o seguinte:

1º.- Adxudicar a RURAL CONSULTING, S.L., B32317869, Pº PORTOVELLO 2, 32660 ALLARIZ. OURENSE, representado por María Rosario Quintana González, DNI núm. 36036079R, o contrato administrativo do subministro "EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS", CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013, polo importe de 51078, IVE EXCLUIDO, Sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 10726,59 euros o que supón un total de 61805,57 (IVE incluído),

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre B, RE núm. 7898 de 6.11.14), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula XVI.4, e nas PPT contidas no proxecto complementario de equipamento da praza de abastos de Bueu, suscrito pola arquitecta Iria Pazos Neira, de 31.10.2014, que contén as prescricións técnicas da contratación de referencia aprobado por acordo da Xunta de goberno local en sesión extraordinaria de 31.10.14 e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XIII do PCAP, o contrato que resulte deberá ser formalizado en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

-A duración contractual deberá axustarse ao disposto nos PCAP quedando determinada polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 6.8.2014 ao abeiro da orde de 12.3.2014 cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG núm. 56 de 21.3.14) que remata o vindeiro luns 1.12.2014

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos da licitación e os seus motivos de exclusión nos termos resolto polo Alcalde no senso sinalado na parte expositiva do presente acordo:

Identidade	Resultado da fase previa de admisión
Rural Consulting, S.L. B32317869 Pº Portovello 2 32660 Allariz. Ourense	ADMITIDO
Alberto Morgado Cobas DNI núm. 53118136G	EXCLUIDO <i>por considerar, una vez cualificada a documentación presentada pola mesma e informada dende un punto de vista técnico a súa adecuacións aos PPT, que á mesma incumpe obrigas esenciais do contrato ao non permitir coñecer o contido mínimo das características técnicas do subministro ofertado</i>



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

O que se publica en cumprimento do disposto no propio acordo en base á obriga contida nos pregos reguladores da contratación que resulta do disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

Bueu, 24 de novembro de 2014

O alcalde

Félix Juncal Novas